

PRESENTACIÓN

Levamos máis alá dunha década desenvolvendo as Xornadas de abordaxe integral contra a violencia de xénero desde o ámbito local e seguimos embarcadas neste proceso de formación e aprendizaxe permanente. Semella que a sociedade, e grande parte dxs profesionais que traballan neste ámbito, quedaron estancadas ou atrapadas nunha realidade ficticia. A igualdade legal non nos conduce a solventar todas as problemáticas que se suscitan no día a día arredor das violencias machistas. Hai un retroceso na asunción de conceptos e un relaxamento xeral que convive tanto coa normalización dos feminicidios como coa connivencia de determinadas actitudes e comportamentos machistas que son o xermolo da desigualdade das mulleres.

Nesta edición imos centrarnos en temas de actualidade como a xustiza patriarcal, a violencia simbólica e o sistema de desigualdade e estratexias para combater as violencias machistas desde a autodefensa feminista. Tamén contamos con experiencias desde o empoderamento de superviventes da violencia. E tocaremos un tema sumamente importante como o das diversidades afectivo sexuais e identidades de xénero nas escolas e haberá unha mesa redonda de intervencións prácticas co-educativas. Un ano máis seguiremos tecendo redes para contribuir de forma positiva nesta loita de erradicación das violencias contra ás mulleres.

VIERNES 21

16:30 h-16.45. INAUGURACIÓN DAS XORNADAS

-Mariluz Álvarez Lastra, concelleira de Igualdade
-Fernando Suárez Barcia, alcalde

16:45-18.00. MESA REDONDA: As superviventes da violencia. Experiencias desde as que empoderarse.

-Tania Merelas Iglesias, autora do libro "Comenzar desde cero"
-Rocio Flores Cruz, escritora

18:00-18.30. PAUSA DO CAFÉ

18:30h-19.30. RELATORIO. Xulgar con perspectiva de xénero: da Xustiza patriarcal á Xustiza como instrumento contra a discriminación.

Dalila Dopazo Blanco, Maxistrada no Xulgado do Social núm. 3 de Lugo

SÁBADO 22

MAÑÁ:

10:30-11.30. MESA REDONDA. Intervencións prácticas co-educativas.

1. Patricia Arias Cacherro e M^a Araújo Pires de Andaina
2. Experiencia de co-educación do CEIP de Rubiáns de Vilagarcía de Arousa

11.30-12.00. Pausa do café.

12.00-14.00. RELATORIO

As diversidades afectivo - sexuais e identidades de xénero nas escolas

Kika Fumero, profesora especialista en diversidade LGBTI, en violencia de xénero e igualdade. Investigadora e escritora.

TARDE:

16:30-17:30. RELATORIO. Xuntas: a autodefensa feminista está a ser!!

Mailnsua e Cristy Tojo de Lésbicas Creando

17:30-18:30. RELATORIO. Doce violencia: o sistema de desigualdade e a violencia simbólica.

Irantzu Varela, xornalista, coordinadora da Faktoria Lila e fundadora e presentadora de El Tornillo

18:30. CLAUSURA DA XORNADA

